

Luns, 14 de agosto de 2017

Núm. 155

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Recadación

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DE VALADOS AGOSTO 2017

EDICTO

Exposición pública do padrón de contribuíntes suxeitos á taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial por ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valados, puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións análogas.

Período impositivo: Agosto 2017

Lugar: Servizo de coordinación tributaria (Campo do Boi 4, esquina a Xofre de Tenorio núm. 5).

Horario: de luns a venres, de 9:00 a 13.30 horas

Prazo: Ata o 25 de outubro de 2017

Exponse ao público ata a data indicada o antedito padrón de contribuíntes suxeitos ao mencionado tributo aprobado por Resolución da responsable do Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria.

Contra o precedente acto, que non pon fin á vía administrativa, e sen prexuízo de calquera outro recurso que considere oportuno o interesado, poderá interpoñerse:

1º) Ou ben, o recurso potestativo de reposición ante o propio órgano que ditou o presente acto no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública, ao abeiro do establecido no artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

2º) Ou ben, directamente reclamación económico-administrativa ante o mesmo órgano no mesmo prazo, segundo establece o artigo 137 da mesma Lei.

No primeiro caso, deberase notificar a resolución no prazo dun mes, conforme co establecido no artigo 14.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, entendéndose desestimado de non resolverse en prazo, podendo entón os interesados interpoñer reclamación económica-administrativa no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da desestimación presunta, consonte ao establecido no artigo 235 da Lei xeral tributaria e 20 do Regulamento orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Pontevedra.

Código seguro de verificación: QZ5B19SMCUC3IZO



Luns, 14 de agosto de 2017

Núm. 155

No segundo caso, deberase notificar a resolución no prazo dun ano (seis meses no caso de ser procedemento abreviado), entendéndose desestimado de non resolverse en prazo, podendo o interesado presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados desde o día seguinte ao da desestimación presunta, de conformidade ao establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998 da xurisdición contencioso-administrativa.

PERÍODO VOLUNTARIO DE RECADACIÓN

Por resolución da responsable do Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria da mesma data apróbase o período voluntario de recadación e a data de cargo en conta dos recibos domiciliados en entidades financeiras do antedito tributo:

PERÍODO VOLUNTARIO DE RECADACIÓN: do 25 de agosto do 2017 ao 25 de outubro de 2017.

DATA DE CARGO EN CONTA DOS RECIBOS DOMICILIADOS: 26 de setembro de 2017.

FORMA DE PAGAMENTO.—En calquera oficina das seguintes entidades colaboradoras na recadación municipal, empregando o instrumento de cobro enviado ao domicilio fiscal dos contribuíntes para tal fin:

ABANCA, BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, BANCO CAIXA GERAL, BANCO DE CAJA ESPAÑA DE INVERSIONES SALAMANCA Y SORIA SAU, NOVO BANCO, BANCO PASTOR, BANCO POPULAR ESPAÑOL, BANCO SABADELL, SANTANDER, BANKIA, BARCLAYS BANK, CAIXABANK.

ADVERTENCIA.—Rematado o período voluntario de ingreso, os recibos non pagados esixíranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 da Lei xeral tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación. (R.D. 939/2005, de 29 de xullo).

DOMICILIACIÓN.—Aconsellámoslle que, para a súa comodidade, domicilie o pagamento dos seus tributos dalgún dos seguintes xeitos:

a) na súa entidade financeira, se é algunha da xa mencionadas, no momento de pagar o recibo, e cubrindo a orde de domiciliación que se achega co impreso de pagamento.

b) ou, enchendo e asinando o modelo 800 do Concello de Pontevedra, de domiciliación bancaria e presentándoo no rexistro xeral daquel.

NOTA INFORMATIVA

Normas de procedemento para o ingreso dos tributos municipais de cobro periódico por recibo do Concello de Pontevedra:

1.—O Concello remitirá aos domicilios fiscais dos contribuíntes un aviso de pagamento co que se deberá efectuar o ingreso en calquera das oficinas das entidades de depósito autorizadas para a prestación do servizo de colaboración na xestión recadadora municipal (a práctica totalidade das mesmas), ata a data límite de ingreso que se sinala naquel, no horario de caixa establecido por cada entidade para o pagamento dos recibos non domiciliados.



Luns, 14 de agosto de 2017

Núm. 155

Unha vez efectuado o ingreso polo importe total que se ten que pagar, o exemplar para o interesado seralle devolto a este, o cal, debidamente dilixenciado, constituirá o xustificante de pago para tódolos efectos.

2.—A non recepción ou calquera outro erro nos datos consignados no documento cobratorio non exime da obriga de pagamento (art. 102 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria). Os contribuíntes que, trinta días antes do remate do período voluntario de ingreso, non recibisen ou extraviasen o xogo de impresos correspondente, disporán ata o último día do prazo citado para solicitar un duplicado nas dependencias municipais de recadación. Para a súa comodidade, acuda con antelación suficiente a solicitar o duplicado, evitando deste xeito a formación de colas e aglomeracións os derradeiros días do período voluntario.

3.—Os contribuíntes que domiciliasen o pagamento dos seus tributos cargaráselle en conta o importe correspondente de acordo coas súas indicacións.

Pontevedra, 08 de agosto de 2017

A responsable do OTXT

Código seguro de verificación: QZ5B19SMCUC3IZO

